

RESOLUCIÓN pola que se aproba o proxecto básico do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra- Ourense).

Expediente: PA-21-01

ANTECEDENTES.

1. O 15 de novembro de 2021, acordouse o inicio do procedemento de aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense) (DOG núm. 247, do 27 de decembro).
2. O 8 de febreiro de 2022, aprobouse o estudio de viabilidade co perímetro do polígono, o catálogo parcial de usos, os prezos, as superficies mínimas e a vida útil do Polígono Agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense).
3. Polo decreto 33/2022, do 3 de marzo, declarouse de utilidade pública e interese social o Polígono Agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense) (DOG núm. 55, do 21 de marzo).
4. O 3 de maio de 2022, acordouse iniciar o procedemento para a redacción do proxecto básico e dos pregos de condicións polos que se rexería o procedemento de concorrencia do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense).
5. O 3 de xuño de 2022, acordouse o inicio do procedemento para a revisión do parcelario e estado das parcelas e trámites previos da investigación da titularidade das parcelas do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense), debendo de realizarse as actuacións e trámites dos artigos 89 e 90 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. O plano parcelario e o resto de documentación, foi exposta ao público tanto no concello de Oímbra como na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (a axencia), durante o prazo de 20 días hábiles.
6. O 2 de xuño de 2023, asinouse a resolución de revisión do parcelario e estado das parcelas e trámites previos da investigación da titularidade das parcelas, que foi notificada ás persoas interesadas xunto coa comunicación dos prezos de transmisión ou arrendamentos mínimos, orientación de produción establecidos e o compromiso de adhesión.
7. O 22 de xuño de 2023, acordouse someter a exposición pública as actuacións do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense) (DOG núm. 127, do 5 de xullo).
8. Rexistrouse a presentación dos compromisos de adhesión ao proxecto nunha porcentaxe total do 93,96% da superficie das terras incluídas no perímetro do polígono agroforestal.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





9. O 10 de novembro de 2023, acordouse o inicio do procedemento de investigación da titularidade de catro inmobles carentes de posuidor, en base ao artigo 19 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia e a integración transitoria destas parcelas ao Banco de Terras así como a súa entrega para xestión provisional pola axencia (DOG núm. 224, do 24 de novembro).
10. O 2 de xullo de 2024, a presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou a proposta de reestruturación da propiedade do polígono agroforestal de Oímbra (Oímbra-Ourense).
11. O 3 de xullo de 2024, aprobouse a proposta de resolución de aprobación do proxecto básico do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense (DOG núm. 138, do 17 de xullo, taboleiro edital do Concello de Oímbra do 24 de xullo do 2024 por máis de 20 días hábiles, páxina web da axencia do 17 de xullo do 2024). Abriuse un prazo de audiencia de quince (15) días hábiles para que as persoas interesadas formularan alegacións e foi notificada ás persoas interesadas. Non se presentaron alegacións.
12. O 11 de outubro de 2024, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural propuxo á Presidencia da axencia a aprobación do proxecto básico do polígono agroforestal, de conformidade co artigo 94.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. Este procedemento réxese polo disposto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio); o acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, publicado por Resolución do 1 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (DOG núm. 36, do 22 de febreiro); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2 de outubro); a Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG núm. 135 do 12 de xullo); a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE núm. 236, do 2 de outubro); a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e demais disposicións normativas de aplicación.

O artigo 94 da lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, prevé que: *"1. Unha vez rematadas as actuacións recollidas nos artigos anteriores e á vista dos seus resultados, a persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural*





elaborará a proposta de resolución de aprobación do proxecto básico de polígono agroforestal, que terá o contido que recolle o artigo 86.

2. Esta proposta de resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro edictal municipal e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e abrírase trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles para que as persoas interesadas formulen alegacións. Así mesmo, notificarase ás persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento sobre as parcelas incluídas no perímetro do polígono agroforestal.

3. Á vista das legacións presentadas, a persoa que exerza a dirección da Axencia Galega de desenvolvemento Rural propondrá á súa presidencia a aprobación do proxecto básico do polígono agroforestal.”

2. No expediente instruído cúmplíronse os requisitos e trámites do procedemento establecidos nos artigos 86 a 93 da lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

3. Instrución e motivación. De conformidade co disposto no artigo 75 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a competencia para a instrución do procedemento e a realización dos actos inherentes á mesma necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución, corresponde a Subdirección de Mobilidade de Terras.

4. Competencia

O órgano competente para aprobar o proxecto básico do polígono agroforestal é a presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, previa proposta da persoa que exerza a dirección da axencia, de conformidade co artigo 94.3 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Por todo o anterior, RESOLVO:

Aprobar o proxecto básico do polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra (Oímbra-Ourense).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante a Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 6 e seguintes e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da súa notificación. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.





Notificar ás persoas interesadas o contido da resolución, en cumprimento do disposto no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

María José Gómez Rodríguez

